

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E A ESTRUTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS E OUTRAS ACCIÓNS DE FOMENTO NAS UNIVERSIDADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOUTRAS ENTIDADES DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I ANO 2017

No diario Oficial de Galicia do día 19 de xuño publicouse a convocatoria das axudas para consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación mais competitivas do SUG de I+D+i mediante as seguintes modalidades:

Modalidade A: Grupos de referencia competitiva [ED431C](#)

Modalidade B: Grupos con potencial de crecemento [ED431B](#)

Modalidade C: Redes de investigación [ED431D](#)

Modalidade D: Proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente [ED431F](#)

Co fin de facilitar e axilizar a cumprimentación de solicitudes o máximo posible establécense os seguintes prazos e procedementos de presentación.

PROCEDEMENTO E PRAZOS DE PRESENTACIÓN INTERNOS

Os prazos que a continuación se establecen son máximos. Tendo en conta as datas nas que nos atopamos e a brevidade de ditos prazos, rogase aos grupos de investigación/investigadores que envíen a documentación á Oficina de Investigación e Tecnoloxía e fagan a solicitude na Sede Electrónica da Xunta de Galicia á maior brevidade posible, sen esperar ás datas finais.

ANTES DAS 14 HORAS DO DÍA 26 DE XUÑO

1.-A través da presente [solicitude](#). Os grupos de investigación/investigadores interesados en participar nesta convocatoria solicitarán ao enderezo electrónico mariadelosangeles.pardal@usc.es as certificacións que, de ser o caso, necesiten:

- Certificado de ingresos de I+D, de ser o caso
- Certificado de Composición de Grupo
- Etc.

Estes certificados serán remitidos por correo electrónico á maior brevidade posible. Loxicamente, cantos antes se soliciten antes se porán a disposición dos grupos.

ANTES DAS 14 HORAS DO DÍA 4 DE XULLO

2.- Os grupos de investigación cumprimentarán o formulario electrónico de solicitude correspondente, a través de [OIT virtual](#). (Este apartado soamente deberá ser cumprimentado polos grupos que concorran ás modalidades A, B e C).

3.- Os grupos de investigación cumprimentarán o documento acreditativo dos **REQUISITOS**:

- Modalidade A [Grupos de referencia competitiva](#)
- Modalidade B [Grupos de potencial de crecemento](#)
- Modalidade C [Redes de investigación](#)

No caso de que na rede participen grupos doutras entidades, xunto con este documento deberán enviarse as certificacións de composición dos grupos alleos á USC.

- Modalidade D [Proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente](#)

esixidos para participar na convocatoria que deberá ser remitido ao enderezo electrónico mariadelosangeles.pardal@usc.es

Como referencia do envío no asunto do correo correspondente deberá indicarse:

- Para *Grupos de Potencial Crecemento*: GPC_Requisitos GI- nº de Grupo
- Para *Grupos de Referencia Competitiva*: GRC_Requisitos GI- nº de Grupo
- Para *Redes de Investigación*: RDE_Requisitos GI-nº de Grupo
- Proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente: PTE_Requisitos nome investigador.

4.- Polo que respecta á **MEMORIA** **descriptiva da estratexia de investigación, estruturación e consolidación que vai seguir o grupo e que xustifica a necesidade desta axudas** e que deberá ser cumprimentada e asinada polo coordinador do grupo, non é necesario o seu envío á OIT, pois tal como se indica máis abaixo serán os grupos de investigación/investigadores os que terán que anexala na Sede electrónica da Xunta de Galicia.

5.-A Oficina de investigación e tecnoloxía, á vista da documentación recibida, enviará aos grupos de investigación, para que a incorporen á súa solicitude na Sede Electrónica, a seguinte documentación:

- Certificado de cumprimento de requisitos debidamente asinado (OIT virtual)
- Certificado de cumprimento de requisitos debidamente asinado (modelo Xunta de Galicia)

ANTES DAS 14 HORAS DO DIA 12 DE XULLO

6.-Os grupos de investigación/investigadores deberán, na Sede electrónica da Xunta de Galicia:

- Cumprimentar a solicitude
- Anexar a documentación
- **Enviar á dirección de correo electrónico mariadelosangeles.pardal@usc.es** o documento impreso que se xenera na Sede electrónica e que se indica mais abaixo. Confirmarase por este mesmo medio a recepción do documento. Se non recibise esa confirmación nas 24 horas seguintes, debe poñerse en contacto coa Oficina de Investigación e Tecnoloxía ext. 16234, pois significará que non se recibiu.

PROCEDIMENTO DE PRECARGA DE SOLICITUDES NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

A).-Serán os **GRUPOS DE INVESTIGACIÓN/CANDIDATOS** os que deberán cumprimentar a solicitude e “**subir**” a documentación á sede electrónica da Xunta de Galicia, polo procedemento de PRECARGA, non obstante esta solicitude terá que ser validada finalmente pola Universidade. Debido a isto establececese o seguinte **procedemento de presentación de solicitudes**:

PASO 1: CUMPRIMENTAR O FORMULARIO DE SOLICITUDE

1. Premer no seguinte enderezo electrónico. **Recomendase a utilización do navegador Chrome**

[Grupos de Referencia Competitiva](#)

[Grupos de Potencial de Crecemento](#)

[Redes](#)

[Proxectos de Persoal Investigador con traxectoria excelente](#)

2. A continuación debe premer en: **Iniciar presentación na Sede electrónica.**
3. Cumprimentar os seguintes datos na pantalla de solicitude:
 - a. **DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**
 - i. **RAZON SOCIAL:** UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- ii. **NIF:** Q1518001A
- iii. **TIPO DE VÍA:** RÚA
- iv. **NOME DA VÍA:** CAMPUS VIDA
- v. **NÚMERO:** S/N
- vi. **LUGAR:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- vii. **CP:** 15782
- viii. **PROVINCIA:** A CORUÑA
- ix. **CONCELLO:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- x. **LOCALIDADE:** SANTIAGO DE COMPOSTELA
- xi. **TELÉFONO:** 881816201
- xii. **FAX:** 881816203
- xiii. **CORREO ELECTRÓNICO:** cittinfo@usc.es

b. E NA SÚA REPRESENTACIÓN (Este apartado debe ser cuberto cos datos persoais do/a coordinador do grupo/solicitante)

- i. **NOME:** Nome do/a solicitante
- ii. **PRIMEIRO APELIDO:** Primeiro apelido do/a solicitante
- iii. **SEGUNDO APELIDO:** Segundo apelido do/a solicitante
- iv. **NIF:** NIF do/a solicitante
- v. **EN CALIDADE DE:** SOLICITANTE

c. DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Neste apartado debe marcar “notifíquese á persoa solicitante”

- i. **TELÉFONO:** 881816201
- ii. **CORREO ELECTRÓNICO:** cittinfo@usc.es

d. DATOS DA PERSOA COORDINADORA DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN

Deben encherse os campos cos datos persoais do coordinador/a

e. RAMA DE COÑECEMENTO

Campo **obligatorio**.

f. f.- MODALIDADE

Campo **obligatoria**. So para proxectos de excelencia.

g. ARÉA TEMÁTICA

Debe elixir unha do desplegable.

h. A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

Débase marcar que esta entidade non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade.

i. DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Debe marcar a documentación que se presenta.

j. A continuación debe PREMER en GARDAR (se nese momento non quere anexar a documentación) ou en PRESENTAR (se a continuación quere anexar a documentación).

PASO 2: ANEXAR DOCUMENTACIÓN

Para iniciar o anexo de documentación debe premer no botón **PRESENTAR**, aparecerá a lista de documentos a anexar, a partir de aí deberá proceder a subir os documentos que procedan, segundo o caso :

- CERTIFICADO ASINADO DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS (modelo OIT virtual) *
- CERTIFICADO ASINADO DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS (modelo Xunta de Galicia)*
- CERTIFICADO DE COMPOSICIÓN DE GRUPO/REDE/EQUIPO (segundo proceda)
- CERTIFICADO DE INGRESOS DE I+D
- MEMORIA DESCRIPTIVA
- ETC.

*Pode fusionalos nun único pdf. ou subir o modelo de OIT virtual no apartado doutros.

MOI IMPORTANTE: Recomendase que os documentos estean en formato pdf. **Que o título sexa curto, sen acentos e sen guións.**

Unha vez anexados todos os documentos debe premer en **GARDAR** e despois en **SAIR**, para volver á páxina de borradores.

BAIXO NINGÚN CONCEPTO DEBE PREMER A TECLA ENVIAR

PASO 3: OBTENCIÓN DO CÓDIGO DE ACCESO E A SÚA REMISIÓN Á OIT

Para que a Universidade poida validar a solicitude, único procedemento para que estea presentada correctamente, unha vez realizados os dous pasos anteriores o interesado deberá ir á páxina de **BORRADORES** e despois premer no botón **COMPARTIR** da súa solicitude, o que xenerará un código de acceso. **Debe imprimir esta pantalla e envialo ao seguinte enderezo: mariadelosangeles.pardal@usc.es** dentro do prazo establecido.

NOTA DE INTERESE: Para recuperar e/ou modificar, no seu caso, unha solicitude gardada na Sede Electrónica, deberá acceder a través da **CARPETA DO CIADÁN**.

*Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación*